

[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**, o día **30 de outubro de 2024**, ás **18:05 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Dona Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)
(Presidenta)
Carmen María Pomar Tojo (P)
(Vicepresidenta -en funcións-)
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
Don Manuel Santos Costa (P)
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Deza Martínez
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Noelia Pérez López)
José Alberto Pazos Couñago
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Xosé Luís Bará Torres
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
Mercedes Queixas Zas
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonso)
Iago Suárez Fernández
(en substitución de Óscar Insua Lema)
Iria Taibo Corsanego
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Paloma Castro Rey
(en substitución de Patricia Iglesias Rey)
Carlos López Font
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

Presidente da Deputación provincial de Pontevedra

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia do presidente da Deputación provincial de Pontevedra

- 1.1 13638 (12/PL-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia
para o ano 2025
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao presidente da Deputación provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez, lembra o desenvolvemento da sesión, que se realizará do seguinte xeito: unha primeira intervención do comparecente, por un tempo de 20 minutos; unha única rolda de portavoces dos distintos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos e unha rolda de peche do comparecente, por un tempo de 10 minutos

Sen máis, concédelle a palabra ao presidente da Deputación provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez, quen, logo de salientar a súa solidariedade en memoria das vítimas da Dana en varias comunidades autónomas do noso país, agradece as verbas de benvida da Presidencia e procede a informar aos membros da Comisión sobre o orzamento da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2025 (No decurso da súa intervención a presidenta auséntase da sesión e ocupa o seu lugar a vicepresidenta -en funcións-, Carmen María Pomar Tojo).

A seguir, ábrese a rolda dos grupos parlamentarios para que os seus portavoces formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), o señor López Font (S), o señor Bará Torres (BNG) e o señor Pazos Couñago (P).

Ao remate das anteriores intervencións, solicita a palabra o señor Bará Torres (BNG) –ao abeiro do artigo 76 do Regulamento da Cámara– por inexactitudes do salientadas polo voceiro do G.P. Popular de Galicia, ao que a Presidencia lla denega ao entender que non as houbo. No entanto, prodúcense varias interrupcións entre o señor Bará Torres, (BNG), o señor Fidalgo Iglesias (P) e a Presidencia. Despois de varias advertencias de non estar no uso da palabra, a Presidencia indícalle ao señor Bará Torres (BNG) que ten unha chamada á orde.

A continuación, a Presidencia concédelle de novo a palabra ao presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez, quen contesta ás cuestións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate e a comparecencia.

Suspéndese a sesión ás 19:15 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcripción literal da sesión.)

V. e pr. Firmado
Noa Presas digitalmente por
Bergantiños Noa Presas
Presidenta da Comisión Bergantiños
os Fecha: 2024.11.04
13:49:15 +01'00'

Manuel
Santos Costa
Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión
Firmado digitalmente por Manuel
Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Manuel Santos Costa,
email=manuel.santos.costa@parla
mentodegalicia.gal
Fecha: 2024.11.04 13:13:34 +01'00'

**ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E
ORZAMENTOS, DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2024**

-Orzamentos 2025-

(Comparecencia do presidente da Deputación provincial de Pontevedra)

(Reiníciase a sesión ás dezoito horas e cinco minutos)

A señora presidenta (Presas Bergantiños): Reiniciamos a sesión da Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos, que, como xa saben as súas señorías, para dar encaixe á axenda do presidente da Deputación provincial de Pontevedra, o señor López Diéguez, a quen lle agradecemos o esforzo por estar hoxe aquí, readaptamos o calendario e imos substanciar agora esta comparecencia.

Sen máis, reiterando o agradecemento pola súa presenza e do seu equipo nesta comisión, prégolle, por favor, señor secretario que lea a lista de membros a efectos de substitucións, e ás súas señorías que indiquen en voz alta e clara quen están a substituír.

O señor secretario (Santos Costa): Grazas.

Boa tarde.

(O señor secretario procede a dar lectura da relación de asistentes.)

Estando a presidenta e o secretario, hai quórum.

A señora presidenta (Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor secretario.

Recórdolles ás súas señorías como é o procedemento.

En primeiro lugar, o señor López Diéguez terá unha quenda de intervención de 20 minutos flexibles para dar conta dos orzamentos da Deputación de Pontevedra; a continuación os grupos parlamentarios teñen unha quenda única —recórdolles— de 10 minutos por cada un deles. E, finalmente, o señor López Diéguez pode pechar a comparecencia por un tempo de 10 minutos.

E, sen máis, reiterándolle a benvida a esta Cámara, pode comezar cando queira.

O señor presidente da Deputación provincial de Pontevedra (López Diéguez): Moi ben, pois moitísimas grazas, presidenta, membros da Mesa, señorías, moi boa tarde a todos e a todas.

En primeiro lugar, en nome da provincia, quero render tributo a todas as vítimas afectadas pola traxedia da DANA, que afecta a varias comunidades autónomas e quérome solidarizar, xa digo, en nome da provincia, cos familiares e con todos os afectados. E Galicia sabe o que é vivir unha traxedia e, polo tanto, vaia o noso apoio para todos eles e o noso agradecemento tamén aos corpos de emerxencias.

Hai aproximadamente un ano por estas datas, comparecía tamén aquí nesta 3ª Comisión do Parlamento, e facía modesto alegato a favor do traballo fiscalizador desta Cámara, do

intercambio san de ideas e tamén da autonomía local, entendida sempre desde a apertura, non do illamento que mostran a veces desde un punto de vista institucional determinadas administracións. Pero eu, xa digo, eu por non esgotar o tempo e non tervos que pedir eses minutos ou segundos extras, pois vou remitirme a unhas palabras que dixen na comparecencia de hai un ano. E son, xa digo, vounas subscribir de novo unha por unha, e vou ser breve.

E digo de novo, porque durante sete anos a miña antecesora negouse a defender o traballo da Deputación de Pontevedra aquí nesta Cámara e lles furtou a todos vostedes o dereito de facer aportacións, incluídas as críticas. E brevemente, porque foi así, con rapidez e sen mirar atrás, como a provincia e a Deputación esqueceron estas e outras moitas extravagancias que decidiron e decidiuse abrir unha nova etapa con novos fitos como os que veño defender aquí.

Así que, sen máis, sen máis preámbulos, infórmolles que a Deputación de Pontevedra vai contar para o ano 2025 cun orzamento de 209 millóns de euros; 20 millóns e un 10,5 % máis que o anterior ano, o 2024. Vai ser de novo o orzamento máis alto da historia, vai superar a barreira dos 200 millóns de euros e a nivel de orzamento consolidado nos imos ir ata 214 millóns de euros.

E permítanme logo o privilexio, como pai político destas contas, que as bautice. Porque en 2025 Pontevedra, unha provincia extraordinaria vai contar cuns orzamentos, cunhas contas igualmente extraordinarias. Extraordinaria é a capacidade da provincia para sobresaír en todos os eidos, incluídos loxicamente aqueles que implican á Deputación directamente: o desenvolvemento territorial, o turismo sustentable, deporte, cultura, acción comunitaria.

E extraordinarios son tamén os retos que ameazan o funcionamento minimamente solvente dos pequenos e medianos concellos. E, como consecuencia de ambos, extraordinarias son as contas que presentamos onte no Pazo provincial e que van entrar en vigor o día 1 de xaneiro do ano 2025, nun exercicio de planificación e estabilidade orzamentaria, que sempre merece a pena salientar por escasa ou inexistente noutros lugares.

Os 209 millóns de euros do orzamento para o ano 25 beben dun proxecto amplo, claro, respaldado tanto dentro como fóra da institución, próximo ás necesidades reais e que vai supor no ano 2025 un auténtico revulsivo.

Por comezar polos piares. Reforzaremos o municipalismo cunha inxección sen precedentes de financiamento nos pequenos e medianos concellos. Máis dun terzo dos recursos irán á partida correspondente á cooperación local, 71 millóns de euros. Pero ademais aquí citamos a todos os alcaldes ao Pazo para trasladarlles a nosa folla de ruta, no que a investimentos municipais se refire, para que eles tamén puideran facer a súa folla de ruta a nivel municipal.

E daquel acto de pontes tendidas no que asistiron rexedores de todas as cores políticas: socialistas, nacionalistas, populares e independentes, pois puideron extraer unha clara conclusión. Que é que a Deputación vai apoiar cun 91 millóns de euros, vai poñer á disposición de todos eles —insisto— con 91 millóns de euros recursos. Recursos que son os 48,2 millóns de euros do Plan + Provincia. Un plan que volverá tocar teito tras impulsar o ano pasado máis de 440 actuacións. E fóra do orzamento o Plan extraordinario que o ano pasado no nomeabamos así, pero agora deixamos xa de chamarlle extraordinario porque pasa a ser xa un clásico, o Plan de infraestruturas deportivas, a segunda edición, dotado con 8 millóns de euros, o dobre que o ano pasado; ou o Plan Provincia extraordinaria: 35 millóns de euros, Plan Extra. Para que os concellos de menos de 50.000 habitantes poidan executar e desenvolver proxectos estratéxicos.

E trátase dun salto cualitativo sen precedentes que ademais chega nun momento máis oportuno. E repito o que dixen onte na presentación que fixen dos orzamentos, os pequenos e medianos concellos son os que máis o necesitan, os que máis exixen e serán tamén os que máis reciban. Porque fáganse unha idea destes 91 millóns de euros é o equivalente ao orzamento de Vilagarcía, Redondela, Cangas e Marín. Son as catro poboacións logo, excluindo loxicamente Vigo e Pontevedra, son os núcleos máis poboados da provincia.

E facémolo sen menoscabar a axenda investidora que realizamos precisamente nas grandes urbes. Contemplamos 7,5 millóns de euros neste orzamento para desenvolver proxectos estratéxicos da man dos concellos das cidades de Vigo e Pontevedra, ademais cun claro obxectivo que é garantir a súa execución. E digo isto porque resulta importantísimo e imprescindible para evitar a perda destes recursos e, loxicamente, danar os intereses dos veciños e que loxicamente a perda deses recursos pode supoñer unha frustración dos mesmos. Así como de nada vale falar sen facer, de nada vale orzar sen executar.

En Vigo grazas á vicepresidenta Luísa Sánchez fomos quen de rescatar 6,2 millóns de euros que se ían perder pola incapacidade do Concello de poder executalos en prazo. Así que a isto hai que sumar que reservamos neste orzamento que hoxe veño aquí, do cal lle veño aquí a informarlles, 5,3 millóns de euros para financiar a nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos, que se suman á compra do Teatro Cine Fraga, que vai supoñer a recuperación dun emblema cultural desta cidade, da provincia e que foi totalmente esquecido; e só cando a Xunta e a Deputación tomaron a decisión de devolverllo aos vigueses pois amosouse un estraño interese.

En Pontevedra investiremos 1,1 millóns de euros, imos recuperar a Bienal logo de 14 anos de ausencia. E aquí a aposta liderada polo vicepresidente Rafael Domínguez complétase a máis coa dirección de recursos que destinamos ao museo, que alberga récord de visitantes en exposicións e tamén cos avances da recuperación do Convento de Santa Clara.

E cómpre ser xusto igual que si recibo, recibimos eloxios do que é o labor da Deputación, pois isto é grazas á colaboración. Grazas á colaboración que nos mostraron na inmensa maioría dos concellos e espero que esta colaboración siga ata o final do mandato.

O servizo aos pontevedreses vía concellos vai no ADN desta institución, vai na súa xenética. Non se identifica como administración, tamén me identifica a min como ese alcalde e transcende aos números, ás partidas. Aquí hai unha vontade explícita de situar de novo aos concellos no centro da acción e, por extensión, aos seus e as súas dirixentes. No ano que cumprimos en xuño fomos quen de recibir, ter encontros institucionais públicos con todos e todas, os alcaldes e alcaldesas da provincia, e loxicamente, un contacto privado que hai de xeito constante.

E hai tamén unha especial sensibilidade cos seus retos. Algúns derivados de novas obrigas lexislativas e iso reflíctese nun incremento do 14 % no orzamento de asistencia intermunicipal. ¿Para que? Para apoiar a redacción de novas ordenanzas que teñen que facer fronte principalmente aos pequenos e medianos concellos.

E hai unha xestión exemplar en servizos que temos delegados, como é o da recadación de impostos e xestión que van permitir obter ingresos ata o de agora inéditos.

Podo citar, por exemplo, os dous millóns de euros que van recibir 12 concellos en concepto do IBI, da AP-9. Ou como tamén o importante apoio que estamos a facer e que tivo unha acollida abrumadora no que se refire, dependente do servizo de asistencia intermunicipal, ou a esterilización de colonias felinas.

E hai modestamente unha diferenza co desempeño doutras administracións. Ao contrario do que semella ter en mente o Goberno de España con respecto á financiación autonómica, é dicir, no que respecta a igualdade entre españois, a Deputación de Pontevedra non establece concellos ou cidadáns de primeira ou segunda. Se uns buscan privilexiar uns poucos á conta doutros, nós, a Deputación, Pontevedra, este Goberno traballa incansablemente para que todos se sintan beneficiados dentro dun reparto de recursos obxectivos extraordinarios. De feito, é como mostra este orzamento que hoxe aquí lles informo.

E xunto con esta visión de conxunto municipalista, este Goberno tamén desprega unha intensa folla de rutas noutros eidos que levan axudado moito, moitísimo a crear, a construír a actual imaxe da Deputación como un motor de equilibrio, un motor de atención ás necesidades específicas e tamén como un motor de benestar social e económico.

Pontevedra é a provincia do deporte e a Deputación é o seu faro. Isto ídesme permitir que prolongue o símil e no eido deportivo demos un salto de campionato. Estamos a falar con exemplos como poden ser o que teñen que ver, cando digo o de salto de campionato, a suba, o incremento que facemos en termos orzamentarios do deporte, de

apoio a todo tipo de eventos e, por suposto, a modernización de infraestruturas que estamos a levar a cabo no conxunto da provincia.

E este ano en materia de deporte o orzamento non é que se manteña, senón que se incrementa. E, por suposto, hai novas novidades. Ademais do Plan de infraestruturas deportivas que xa citei antes, hai un incremento no orzamento do 15% ata chegar aos 6,4 millóns de euros con novas axudas para a compra de vehículos e outros activos coa creación dunha Cátedra do Deporte da man da Universidade de Vigo, e tamén o aumento das axudas ás federacións deportivas; así como tamén a suba do 51% no orzamento destinado a traer grandes eventos deportivos á provincia: La Vuelta, o Triatlón, Seleccións absolutas de Balonmán, Selección Absoluta Feminina de Fútbol, Campioa do Mundo, o Real Madrid de Baloncesto. Son baluartes desta aposta que ademais se descentraliza, porque non só estes eventos deportivos están chamados a ser nas grandes ou nas contornas urbanas.

E ao igual que o deporte a provincia é un segundo fogar para millóns de persoas grazas ao turismo. Os datos din que acertamos en presentar unha estratexia turística enfocada a todo tipo de turistas, todo o ano e a todos os concellos: os 61.

E, se temos en conta os últimos datos, os do mes de setembro e os poñemos en comparativa co mesmo mes do ano 2023, en viaxeiros estranxeiros houbo un incremento do 30 %. E ademais que as Rías Baixas seguen a ser o destino líder en Galicia.

E para reforzarse pulo, sempre con sentidío, por suposto, e buscando a compatibilidade cos modos de vida locais, incrementouse o orzamento nun 8 %, chegando ata os 6 millóns de euros. Orientados á mellora das axudas das festas de interese turístico internacional, insistindo na promoción do destino en eventos nacionais e internacionais, na procura de que recibir máis visitantes estranxeiros, reforzando a nosa alianza co etnoturismo e poñendo tamén en coñecemento e mellorando os castelos, os nosos castelos, os de Soutomaior e Sobroso. Seguindo tendendo pontes co atractivo do deporte e o turismo, con liñas pioneiras de axudas para atraer a grandes eventos ou potenciando o Rías Baixas Fest que é a banda sonora do noso verán.

En Cultura. Xa falamos da Bienal, falamos da Santa Clara, do Teatro Cine Fraga, que está a despertar unha ilusión no tecido cultural vigués e de provincia que facía décadas que non existía e para iso son todas esas propostas que nos están a chegar, que nos están a realizar, dun proxecto que lanzamos da man a Deputación e a Xunta de Galicia. E en Cultura vólvese dar algo que é un sinal de identidade no que a nós se refire, que é a sensibilidade co reto demográfico. A gala dos Mestre Mateo no ano 2025 vaise celebrar en Lalín por primeira vez na historia e nun lugar fóra das grandes urbes.

E a nivel orzamentario, pois vai medrar un 14 % a partida de Cultura e a contía supera os cinco millóns por primeira vez.

Vaise acentuar a dotación do primeiro circuíto de artes escénicas da provincia, nunca antes houbera un, o Programa +Escénicas. Vaise dar continuidade a programas que puxemos en marcha este ano, como Pontevedra Literaria e se van crear novas liñas, como pode ser unha dotada con 200.000 euros para a adquisición de material e vestiario.

¿E outra das bandeiras? A acción comunitaria. Recuperada por este Goberno tras anos de ostracismo, que está a dar uns resultados excelentes. E así que no 2025 o que facemos é incrementar nun 20 % o orzamento para acción comunitaria, o que nos vai permitir afondar nas axudas á comunidades de usuarios de auga, o Plan +AQUA, do que xa se beneficiaron máis de 170 entidades.

Axudar ao que é o tecido asociativo. Mañá en Xunta de Goberno resolveranse as axudas e as asociacións que se beneficiarias desta deste programa. Tamén veremos o impulso e a coordinación das comunidades enerxéticas nos concellos e as convivencias veciñais que estamos a realizar, que están a realizarse en diversos puntos da provincia como un enorme éxito de participación. E impulso que se suman a outros moitos: Promoción do emprego, un 7,5 % máis de fondos; benestar social, un 6 % máis de recursos; os de igualdade, que volverán ter protagonismo e con novas iniciativas deste Goberno como os premios Boas Prácticas en Igualdade ou o certame escolar ¿E ti, que pensas da igualdade?

E tamén en normalización lingüística, que se incrementa un 9 % o orzamento para fomentar o uso do galego. Por certo, a miña lingua.

Ou que dicir da partida para infraestruturas, vías, viais provinciais, cunha rede de máis de 1.600 quilómetros onde destinamos 24 millóns de euros, case 8 millóns de euros máis que o ano pasado para telas en perfecto estado. Que isto contrasta con outros viais de titularidade estatal que no conxunto da provincia están nun estado lamentable.

Señorías, asegúrolles que podería empregar moitísimo máis tempo para falar do que realizamos na Deputación e o que pretendemos facer, non sería un tempo perdido, pero tamén entendo que non é obxecto desta comparecencia nin desta comisión. E, sen embargo, si me gustaría trasladarlles unha información de relevancia dada a natureza desta institución.

E no 2025 a Deputación de Pontevedra vai comezar a devolver un crédito que se solicitou no ano 2021 por importe de 25 millóns de euros. Iso implica que durante os próximos dez anos as contas da Deputación van ter que recoller 2,8 millóns de euros que hai que mover tamén os intereses para facer fronte a ese crédito.

E, xa para rematar, eu só quixera botar por un instante a vista atrás e se naquela primeira comparecencia que fixen o ano pasado había moitas primeiras pedras, este ano pois xa hai moitos feitos.

Os acertos sempre son propiedade dos colectivos. Os traballadores, excelentes traballadores da gran Deputación, do fantástico equipo de goberno que compoñen os meus compañeiros deputados, dos concellos e, por último, dos cidadáns.

E os fallos, seguramente que algún hai, son atribuíbles e asúmoos como propios co compromiso de traballar para solventalos. Pero, sobre todo, hai un proxecto de transformación da provincia que está en marcha, que nace e se inspira no que é Pontevedra, unha provincia extraordinaria.

E eu, xa digo, o feito de non vir presentar as contas da Deputación a esta comisión, ao Parlamento pois sería unha oportunidade perdida que, baixo ningún concepto, tiven a ben facer. Sobre todo porque vai permitir que vostedes, señorías, fagan achegas e nós contemplar a posibilidade de recibilas e de incorporalas. Ademais seguramente que teñen moitas para facer, porque durante sete anos non tiveron a oportunidade de facelo.

Máis nada. Moitas grazas.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor López Diéguez. Sobre todo moitas grazas por axustarse de maneira tan británica ao tempo, que cando levamos aquí xa varios días agradécese.

Pasamos xa á rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Ojea.

O señor Ojea Bouzo (M): Grazas, presidenta.

Nada, moi breve.

Sinxelamente agradecer a presenza do presidente da Deputación nesta comisión, aínda que a miña presenza aquí obedece fundamentalmente á defensa dos intereses e dos dereitos da provincia de Ourense, sempre está moi ben escoitar a un presidente da Deputación por parte de calquera cidadán, pero, sobre todo, por alguén coma min que é concelleiro nun concello e que foi deputado provincial. Entón, nese sentido, agradézolle as súas palabras, porque sempre aportan algo positivo.

Nada máis. grazas.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Ojea.

Pois pasamos ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Por este grupo por un tempo tamén de dez minutos, ten a palabra o señor López Font.

O señor López Font (S): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Estimado presidente benvido, encantado de telo en sede parlamentaria, a vostede e ao seu equipo. Cantas voltas dá a vida política para encontrarnos aquí.

Confeso sentirme estraño persoalmente, despois de oito anos sendo responsable do orzamento da Deputación e debatendo un ano desde a oposición con vostede. É un organismo presidencialista, o que no contaba era que tivera pai ese organismo, pero xa vexo que vostede é o pai dese organismo.

Comprobo que sigue preocupado pola súa antecesora. E, mire, respectando a tradición parlamentaria da comparecencia dos presidentes da Deputación, aquí no momento en que se traen os orzamentos da Xunta comparecen os conselleiros coñecendo os orzamentos presentados.

En primeiro lugar, quero reivindicar a autonomía municipal, que tamén comporta a liberdade de decisión e de onde comparecer. Encantado de que vostede estea aquí, pero isto non ten correspondencia con ningún ámbito político. Ningún goberno de comunidade autónoma comparece no Congreso para dar conta do seu orzamento. E ningún concello comparece no Pleno nin en comisión da correspondente Deputación para dar conta do seu orzamento. Polo tanto, menos hipocrisía e máis respecto pola autonomía dos gobernos como o seu.

Sorprende que hoxe, 30 de outubro, estea vostede aquí porque nos fala dun orzamento presentado no día de onte; último día antes de comparecer cunhas presas tremendas. Orzamento que non se coñece nin na Comisión Informativa da Deputación de Pontevedra e supoño que vostede dálle máis importancia a comparecer no Parlamento que na Comisión Informativa da súa Deputación. Debería recoñecer comigo esta anomalía, que máis parece unha subordinación ao partido que goberna en Galicia.

Por tanto, é unha comparecencia a cegas, a cegas claro para a oposición. Porque vostede co triplo de tempo pódenos contar o que estime oportuno, seguro que coa complicidade do Grupo Popular. A nosa fonte de información limítase ao que poidamos ter lido hoxe na prensa e medios de comunicación.

Mire, dado que fala moito do pasado, a súa elección desde o primeiro momento foi complicada no ámbito interno do PP e seguiu sendo na tarefa do Goberno; dúas vicepresidencias que parecían corsés impostos á súa Presidencia. Caeron en poucos meses.

O proxecto de Vigo de longo percorrido dicían vostedes, a súa vicepresidencia abandona. E todos sabemos que o abandona porque quería ser presidenta.

E vostede leva pouco máis dun ano só querendo transmitir as diferenzas co anterior Goberno de coalición PSOE-BNG. Se alguén quixese facer un resumo sería ese: Dun ano permanente referencia ao anterior Goberno a vostede.

É imposible, señor López, que vostede poida transmitir diferenza en positivo co Goberno de oito anos. Todo ao que fixo mención soa ao pasado e soa a eses oito anos. Porque en 2015 entrou a democracia na Deputación, porque en 2015 despois de 36 anos do Goberno do PP os concellos foron maiores de idade e iguais. A data da maioría de idade é 1 de xaneiro de 2016, cando entrou en vigor o primeiro orzamento da Deputación de Pontevedra, que recoñecía a igualdade entre concellos. Porque vostede estivo obrigado a ser continuísta dun Goberno PSOE-BNG porque non podía volver atrás. A comparativa cas case catro décadas do Goberno do PP que non respectaban esa igualdade dos concellos.

E puxo énfase na comparativa co Goberno de Carmela Silva, porque vostede é herdeiro das políticas do PP. E non podía reivindicar o legado de 36 anos anteriores porque non practicaron esa igualdade. O exemplo é a Deputación de Ourense que neses oito anos non tiveron un programa para igualar aos concellos.

Ben, como me imaxinaba, falounos dun orzamento histórico, vostede fascinado por la maxia dos números, por sobrepasar os 200 millóns, pero dicirle que nada novo; un incremento porcentual normal. A todo isto froito da magnífica xestión económica do anterior Goberno, que deixou unhas contas saneadas que vostede tratou de desacreditar e que non puido demostrar.

Pero se a Deputación de Pontevedra ten máis recursos é debido ás achegas do Estado, non da Xunta, señor López, que segue sen incrementar o Fondo de Cooperación Local. E fala vostede dos incrementos e das aportación do Estado. Aquí só se incrementa o fondo adicional destinado aos concellos do PP e que encima agora van xustificar a subida de Sogama. Aquí como presidente da Deputación que é, pero tamén, tamén como alcalde que foi, debería vostede converterse nun defensor do municipalismo e pedirle á Xunta en nome dos 61 concellos que representa a institución provincial que preside, o incremento desas achegas. Seguro que coñecen as declaracións dos concellos de toda cor política que denuncian a situación que viven de asfixia e de demanda xeneralizada de incrementos de achegas por parte da Xunta.

Vostede debería converterse pola posición que ocupa no PP, no máximo defensor de que a Xunta tivese un plan completo, igualitario e potente economicamente como o da Deputación de Pontevedra que o tivese a Xunta para todos os concellos. Porque o único que fixo vostede foi cambiar de nome aos programas e iso, delátaos. A denominación Plan concellos do anterior Goberno centraba a quen ía dirixido. A máis Provincia de vostedes quere poñer o foco na súa Presidencia e no seu Goberno partidista.

Por tanto, o orzamento de 2024 como é pouco coñecido, como o de 2025 son continuístas dos gobernos de oito anos do PSOE e BNG. Unha coalición que foi solvente no político e que demostrou que se poden facer políticas progresistas.

Neses oito anos implantáronse políticas, señor López, das que falou vostede aquí. De mobilidade, que non falou; de medio ambiente, de igualdade. É sorprendente oírle falar a vostede de igualdade. Non había política de igualdade antes de 2015, e vostedes agora configuran unha delegación de goberno que se chama de Familia e Benestar. Xa nos explicará que significa isto de familia.

Pero nesas oito anos fixéronse políticas de deportes, de política social, de dotacións e de equipamentos. ¿E sabe cal é a diferenza fundamental entre o que fixo vostede nun ano e o que fixemos en oito anos? O ritmo de execución. Menor ritmo de execución en proxectos de mobilidades. Aplicaron ideoloxía facendo desaparecer na práctica a área de igualdade. E iso que non teñen a presión de Vox. Para vostedes a metade da poboación, as mulleres, non precisan dunha área propia, pois hoxe é máis necesaria que nunca.

Nun ano non presentaron ningún proxecto novo aos fondos europeos. Continúan cos anteriores. E de plan extraordinario para concellos de menos de 50.000 habitantes dan un mes para presentar os proxectos, e para os proxectos de deportes dan tres meses. Xa me explicará como é esta contradición.

Presumen de falar cos concellos, entenderíase con 61, pero non falaron cos gobernados polo PSOE e BNG. Onte no acto de presentación dos presupostos, vostede non invitou aos concellos. Dixo aquí que lles comentou a folla de ruta. Pois a folla de ruta non debe ser a que eles querían, porque non tivo vostede a delicadeza de invitalos.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Prégolle que vaia rematando, señor López Font.

O señor López Font (S): vou concluír.

O mellor exemplo continuísta é que non teñen ideas e é a prolongación do Plan concellos ao que cambiaron de nome como dicía.

Poderíalle dicir que non fixeron nada, nin en presenza institucional, nin a nivel internacional, nin en proxectos de futuro, pero quero finalmente dicirlle que estou encantado de velo e escoitalo, pero non debería de comparecer vostede aquí para falarnos duns orzamentos que non presentou no seu organismo, que non coñecen os grupos políticos da oposición, tan lexitimamente democráticos como o seu Goberno; pero, sobre todo, un orzamento que non coñecen os consellos aos que, como dicía, non convidou vostede ao acto de presentación de onte. Di vostede que os concellos son os protagonistas e os destinatarios, pero onte, como hoxe aquí, foron ninguneados.

Moitas grazas.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor López Font.

Pasamos a continuación ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Por este grupo ten a palabra, por un tempo máximo de dez minutos, o señor Bará Torres.

O señor Bará Torres (BNG): Grazas, presidenta.

Señor López, benvido de novo a este Parlamento. Agradecemos a súa presenza aquí, porque é un síntoma de normalidade e de respecto institucional e sempre o defendemos así. E agradecemos o seu esforzo propagandístico, mais temos que dicirlle que realmente fallou vostede, porque nós non contamos con ningunha información previa; o máis grave é que non contan con ningunha información tampouco sobre o orzamento os grupos que conforman, polo menos os da oposición, a Deputación Provincial. Entón sería unha mostra de respecto tamén que se lle presentasen esas grandes liñas polo menos, que vostede presentou onte, non presentou os orzamentos, fixo unha rolda de prensa de presentación. É curioso que coincida a súa vida aquí cando estaba prevista noutras datas, pero ben, ímolo deixar aí.

Nós temos algunhas dúbidas e tamén bastantes preguntas sobre a actuación da Deputación, da que vostede loxicamente presumiu aquí, e nós temos certas discrepancias.

A primeira pregunta que lle queremos facer é por que vostedes dismantelan sistematicamente e progresivamente todos os programas que foron impulsados nos anos anteriores e que teñen un éxito aquí e no mundo que está fóra de toda dúbida; e dos que pode presumir Galiza e tamén á provincia de Pontevedra.

Eu entendo que vostedes teñan outras prioridades, falou vostede aquí do turismo, do que haberá moito que falar nas próximas semanas e meses, porque, en fin, hai aí unhas responsabilidades que van dar que falar. E chamoume a atención que vostede presumira de que se levaban os Mestre Mateo a Lalín e que iso tiña que ver co reto demográfico. Non sei se é que o mundo artístico vai fomentar a natalidade coa súa estadía en Lalín, ou que vai pasar aí. Pero, en fin, todos os esforzos sexan loados.

Entendo que teñan esas prioridades, pero non me parece que sexa intelixente que vostedes liquiden aqueles proxectos que puxeron a Pontevedra en Europa e no Estado como referentes. Refírome por exemplo ao programa Revitaliza de compostaxe dos biorresiduos, que vostedes reduciron a mínimos, cando había concellos que estaban a punto de encarar a terceira fase; e había tamén concellos do Partido Popular que estaban nesa vangarda de Revitaliza da compostaxe dos biorresiduos. Que lle recordo que foi cualificada pola Axencia Europea Zero Waste, como a superpolítica europea en materia

de reciclaxe de residuos nada máis e nada menos. Unha axencia que é referente na supervisión das políticas europeas.

Entón gustárame que vostede nos explicase a que se debe isto, porque nós temos a sensación de que é unha directriz política partidista, engadiría que sectaria, está ben tender pontes, pero iso non pode ser só unha declaración para a galería. É una directriz política do Partido Popular e da Xunta para boicotear calquera alternativa a Sogama, e a alternativa pola que vostedes están que é a biometanización dos biorresíduos. E deixárono claro nos últimos anuncios e decisións.

Ben, a súa hostilidade contra a compostaxe non me estraña nada cando o seu vicepresidente, o señor Domínguez, actuou con esta falta de responsabilidade botándose ao monte ou botándose ao composteiro —picachón na man— neste afán de [...] que caracteriza aos que tenden pontes. Está ben a palabra, pero os feitos tamén teñen que ser consecuentes coas palabras.

O segundo exemplo, ¿que pasou co Programa Ágora de transformación do espazo público? Outra referencia no Estado, na Península Ibérica e noutros países europeos. ¿Vostede sabe que están chamando de distintos puntos da xeografía da Península Ibérica para que vaian representantes da Deputación a falar do Programa Ágora, e vostedes non están respondendo? E que ao final están chamando ao anterior deputado responsable desta materia, do BNG, que está indo pola súa conta a presumir das grandes actuacións, ademais que se poden ver. Calquera que vaia por calquera vila da provincia de Pontevedra, esta alí posta a pegada, está o carimbo destas transformacións en zonas que antes eran zonas cheas de tráfico e de coches, concellos de todas as cores, de todas as cores que presumen das actuacións que teñen a marca Ágora. E vostedes cambiaron esa filosofía, convertérona en axudas aos concellos que poden valer para unha cousa e para a contraria. Hai que ser valentes, porque ademais os que foron valentes sacaron bos resultados desas actuacións. E vostede sábeo perfectamente.

En terceiro lugar, as políticas públicas de memoria, do que foi tamén referente a Deputación de Pontevedra nos anos pasados, que vostedes laminaron e liquidaron. Din que teñen un departamento de memoria, pero é un departamento fantasma. Porque non está nin se lle espera. O señor Domínguez di que el é un gran defensor da memoria, pero non se lle ve por ningún lado. O que fixo foi liquidar, laminar todas as programacións que había, que tamén eran un referente en Galicia, unha referencia en Galiza desta materia.

E vostedes lanzaron en igualdade un programa que xa viña de antes, que se titula Aquí faltan páxinas. E nós o que botamos de menos son «aquí faltan voces». As voces que vostedes censuraron, que estaban programadas e que vostedes vetaron e censuraron porque eran persoas significadas publicamente como militantes, simpatizantes ou apoiantes do Bloque Nacionalista Galego. E iso chámase señor López, non se chama tender pontes, iso chámase sectarismo, sectarismo. E refírome a Alsa Quintas, a Monste Fajardo, a Mercedes Queixas, que está aquí presente, que foi vetada dunha

programación da Deputación de Pontevedra, ou María Xesús López Escudeiro. Esa é unha realidade. Vostedes poden disfrazala como queira, pero é unha realidade que está sobre a súa responsabilidade de tendedor de pontes.

Miren, vostedes viñeron confirmar o que nós defendemos sempre na Deputación e aquí, que era que o plan Concellos supuxo un gran avance en materia de reparto dos fondos da Deputación aos concellos con criterios obxectivos e iguais para todos. Vostedes pois mantiveron ese programa, cambiáronlle de nome, ampliaron algunhas partidas, pero mantivérono no fundamental. É dicir, desautorizando aos seus portavoces neste Parlamento que se dedicaban a atacar eses programas. Como atacaban que a Deputación separase 7,5 millóns para financiar actuacións nas dúas grandes cidades da provincia, que non se pode medir en igualdade de condicións cos demais concellos nun reparto por unha convocatoria. E que teñen un trato diferenciado que son Pontevedra e Vigo, que nos parece lóxico. Vostedes criticábano aquí. Agora mantéñeno. Ben, mantéñeno con salvedades, ¿non? Porque vostedes o que están facendo é non tender pontes, senón pontear aos responsables municipais deses concellos, principalmente ao de Vigo, co proxecto do Cine Fraga, que é incualificable. Porque vostedes utilizan estes fondos ou pretenden utilizalos para promocionar aos seus líderes ou futuros candidatos locais enfronte dos concellos. Iso non é respecto institucional, nin tender pontes, señor López.

Despois con respecto a Santa Clara, falando de Pontevedra. Vostedes tiveron paralizado case un ano ese proxecto de novo por sectarismo. Porque o señor Domínguez encheuse de falar de que se ían bandalizar os xardíns de Santa Clara, que eran uns xardíns históricos, tiveron paralizado o proxecto, despois recuperárono practicamente igual; van facer igual ese soto onde vai haber unha serie de dependencias con algúns cambios, e o proxecto está sen empezar. O concello requiriulles documentación e aínda non lla mandaron. Entón explíqueme que vai pasar con isto. Tamén se lles parece suficiente a cantidade que puxo a Xunta de Galiza para financiar este proxecto, tendo en conta que o anunciado para dous anos era unha cantidade sensiblemente maior.

E, con respecto aos edificios centrais do Museo de Pontevedra, señor... Por certo, o Museo de Pontevedra que estamos esperando que vostedes convoquen esa praza que anunciaron da dirección, está cuberta agora dunha maneira provisional por unha directora, que nós non cuestionamos a súa experiencia e a súa valía, pero vostedes teñen o compromiso, como fan todos os museos destas características, de convocar publicamente a praza da dirección. Gustaríame saber que van facer ao respecto.

Igual que tamén quero recordarlle que a Bienal de Pontevedra, que agora presumen que recuperan, elimináranla vostedes no ano 2012. O Partido Popular era responsable desa materia, Ana Luisa Vázquez que é agora a responsable da Fundación Cidade da Cultura. ¿Non sei se a están desautorizando, se viron a luz, se cambiaron de criterio, que pasou?

Miren, para rematar, unhas preguntas, outras preguntas a maiores. ¿Que pensan facer vostedes cos equipamentos que son da Deputación de Pontevedra, que nós entendemos que deberían ser competencia da Xunta? A deputación anterior que vostedes critican

tanto, avanzou coa transferencia do Pazo de Lourizán, que agora está un pouco en risco o seu futuro, e tamén coa Escola de Cantería. Foi unha negociación que fixo ademais persoalmente o señor Mosquera co señor Román Rodríguez.

¿Que vai pasar coa Finca Mouriscade, coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro, coa Escola de Enfermaría, coa Cidade Infantil Príncipe Felipe? Teñen vostedes intención de...

—Si, xa vou rematando, pero non chegou aos dez minutos, señora presidenta—.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Non, pero eu aviso sempre un pouquiño antes, xa o sabe.

O señor Bará Torres (BNG): Que lle parece nese debate que hai sobre a planta local, esa idea de que se cree un concello formado por Lalín, Rodeiro e Dozón. Ou xa un máis grande chamado Concello do Deza. Dígoo porque lle afecta a vostede directamente.

Remato xa, de verdade.

Vostede presentouse aquí como adestrador do equipo, pero debía un pouco ter man dos seus xogadores, que ás veces escornan e truncan demasiado. Dígollo sinceramente. Se realmente quere presumir dese espírito de diálogo, dese tender pontes, iso tense que facer de maneira crible, coa actuación diaria de todo o equipo da Deputación e tamén das súas actuacións, dos seus proxectos e, sobre todo, do respecto a grandes programas e proxectos que xa viñan de atrás e que non se poden liquidar simplemente por un criterio partidista ou un criterio de que eran actuacións vinculadas a un Goberno anterior, que ademais levaban esa marca carimbo BNG.

Moitas grazas.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Bará. Xa sabe que eu avísolle un pouquiño antes de que remate o tempo para que vaia rematando.

Pasamos ao Grupo Parlamentario Popular.

Por este grupo ten a palabra, tamén por un tempo máximo —con certa flexibilidade— de dez minutos, o señor Pazos Couñago.

O señor Pazos Couñago (P): Moitas grazas, presidenta.

Eu quero, como non pode ser doutro xeito ademais, escomezar agradecendo o exercicio de normalidade democrática que hoxe veu o presidente da Deputación de Pontevedra pois a exercer nesta Cámara por segundo ano consecutivo; a pesar de que houbo unhas dificultades coa axenda que se puideron solventar, porque como ben demostrou o presidente, querer é poder.

E, claro, despois disto sorpréndeme escoitar algunhas cousas. Teño que confesalo. Escoitei aquí a expresión, que esta era unha comparecencia de orzamentos a cegas. Ben, eu creo que supón unha mellora substancial despois de sete anos de orzamentos a mudas, porque aquí non comparecía ninguén e non se dicía nin unha soa palabra. E os mesmos que hoxe exixen coñecer isto por anticipado, daquela xustificaban absolutamente todo.

Home, eu creo que despois de sete anos consecutivos de vergoña e de incumprimentos das obrigas institucionais por parte dunha presidenta, a señora Silva, que endexamais estivo á altura dunha institución que mal presidiu, home, deberían de taparse un pouco.

Por certo, comparecer por parte dos presidentes provinciais nesta Cámara é unha obriga, é unha obriga legal recollida no artigo 53 bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Eu creo que se imos cuestionar certas cousas, deberíamos alomenos estudar as leis onde se fixa a obrigatoriedade de comparecer nesta Cámara.

Pero ademais de descoñecemento, teño que falar de hipocrisía. Porque fai falta un exercicio importante de hipocrisía para despois de impoñer aquí as comparecencias dos presidentes provinciais, cando gobernaban vostedes a Xunta, que as impuxeron vostedes, señor López Font, vir agora falar da autonomía local para xustificar a espantada descomunal e vergoñenta durante sete anos da que era a súa compañeira na Deputación de Pontevedra, ademais de presidenta. Entón sorprende, sorprende escoitar certas cousas.

Eu creo que afortunadamente a Deputación de Pontevedra voltou a ser o que nunca debeu deixar de ser, un instrumento ao servizo dos pontevedreses, que mantén unha relación normalizada coas institucións e cos colectivos cos que ten a obriga de colaborar. Pero é certo que durante oito anos algúns termaron por convertela nun ariete co que arremeter contra todo aquel que non se pregara aos caprichos da súa despótica presidenta. Un ariete contra o Parlamento de Galicia, contra a Xunta de Galicia, contra os concellos non gobernados evidentemente polo color que gobernaba entón a Deputación, incluso contra a veciñanza; unha veciñanza que durante anos foi constantemente ameazada, senón aceptaba as exixencias de boicotear a presenza de representantes doutras administracións. Ameaza que, por certo, agora cambiou de bando. Agora noutras administracións ameazan igual aos veciños se comparecen os representantes da Deputación de Pontevedra. Iso é como entenden algúns a democracia.

Eu, polo tanto, debo felicitar ao presidente por retomar o obxectivo principal da Deputación, que non é outro que o apoio aos pequenos e medianos concellos, sen esquecer por suposto as obrigas que tamén ten cos cidadáns de Vigo e de Pontevedra.

E nese cometido quero destacar a algúns compromisos. O primeiro compromiso cos concellos, especialmente cos pequenos, a través deses 71 millóns —me pareceu

entender—, 71,4 dos cales 48,2 para concellos de menos de 50.000 habitantes. Paréceme un compromiso importante. Como me parece moi importante o compromiso co tecido asociativo. Eses 2,4 millóns de euros para asociacións que foron abandonadas, completamente borradas da face da terra durante os oito anos de goberno da señora Silva; coa desaparición de todos os plans que si existían entón de apoio a esas asociacións, ao tecido civil que a algúns parece que lles molesta cando están gobernando.

Igual é o compromiso inescusable —me parece a min— co mantemento das propias infraestruturas esquecidas por certo, completamente durante os anos do anterior Goberno provincial. ¿Recordan vostedes a clausura e desmantelamento do parque provincial de maquinaria? Ou xa non se acordan disto. Ou dos cambios de criterio na atención de vías distinguindo e apartando aquelas que tiñan un tráfico inferior aos 3.000 vehículos e, polo tanto, deixando absolutamente esquecido ao rural da provincia de Pontevedra. Disto supoño que non se acordan, prefiren facerse fortes en temas tan importantes como a compostaxe —que sen dúbida o é—, pero sen explicar aínda como é posible que tras anos implantándoo por exemplo a cidade de Pontevedra canto máis composta, máis residuos envía a Sogama. Isto é algo que aínda... é un exercicio máximo que ninguén explicou aínda.

209 millóns de euros, 214 no orzamento consolidado fundamentados nos recursos propios da institución provincial que vostede preside e que deberá —e isto hai que contalo unha vez máis—, asumir as débedas herdadas polos mesmos grupos políticos que nesta Cámara se atreven a criticar permanentemente o endebedamento. Iso está moi ben, ¡eh! 25 millóns de euros que hai que pagar do plan do PEC. Eu chamaríalle o PEC: o Plan Electoral de Caciqueo da señora Silva, que vostedes preferiron chamar, supoño que lles soaba mellor, ReacPon.

Eu recordo precisamente o ano que se anunciou, o 2021. Dicían: É para apoiar proxectos maduros. Xa o dixemos entón, que o de «Maduro» facía o tipo de selección que se ía a facer do proxecto. Efectivamente, elección bolivariana. Aos meus si e aos resto nin Reac nin Pon, porque non puxeron un can en todo aquel Concello que non gobernarán.

Critican a débeda en tempos de crise para manter os servizos esenciais e despois aplauden o endebedamento en tempos de vacas gordas para facer populismo do nivel máis lamentable. En fin, que cousas hai que escoitar, señorías.

Pero eu creo que, sendo importante que a Deputación de Pontevedra pois volte a recuperar as prácticas de boa xestión dos recursos públicos, aínda resulta máis importante que se faga sen introducir o sesgo partidista e absolutamente caciquil que era inherente á actuación do anterior Goberno provincial; que o practicou, por certo, dende o primeiro minuto en que chegou ao Goberno e ata incluso despois da súa saída do mesmo. ¡Como esquecer o lamentable espectáculo do Concello de Vigo resolvendo unilateralmente a cesión dun espazo na cidade para albergar a sede da Deputación!

¡Como esquecer como quixeron recuperar aquel despacho cando souberon que non o ía a ocupar a señora Silva! Non é que sexa novidoso que a señora Silva e o señor Caballero intenten patrimonializar unha vez máis o que é de todos. Pero tampouco podemos deixar de dicilo, porque non se pode normalizar nunha democracia ese tipo de comportamentos.

Como esquecer as ameazas constantes a calquera asociación que ousara invitar aos representantes institucionais non autorizados por aquel Goberno sectorio da Deputación. Xa llo dicía antes, agora continúan esas ameazas, Iso si, en concellos como Vigo ou Redondela onde, se aparece unha deputada provincial, hai que parar a celebración dos actos. Ese é extremo ao que chegamos por parte dos autoproclamados demócratas.

Como esquecer os insultos permanentes á oposición, os intentos permanentes por silenciarla, a negación dos recursos mínimos para exercer o seu labor cunha acerta dignidade. ¡É que algúns temos memoria! Falouse aquí de feminismo. ¿Que feminismo? O feminismo selectivo que se practicaba nunha deputación onde se vetaba a presenza en espazos da Deputación Provincial de mulleres, simplemente polo feito de non ter o mesmo carné político que a presidenta. Si, si, se o recordamos todos. «Te tienes que ir de aquí. Te tienes que ir de aquí.» A unha representante institucional.

Ou cando se insultaba ás voceiras do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu creo que escoitei a todo o mundo...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): ¡Shhh! Silencio, por favor.

O señor Pazos Couñago (P): ...con certo respecto.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Está na quenda de palabra o señor Pazos.

O señor Pazos Couñago (BNG): Non é que non estea acostumado a que se me falte, pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si recorda: Macarra, desgraciada. Eses eran os epítetos que se oían no Pazo Provincial dirixidos ás mulleres do Partido Popular. E logo hai que escoitar aquí que é un exercicio de caciquismo mudar un programa considerando que hai persoas máis axeitadas. Porque aquí o que non sexa manter aos que vostedes puxeron a dedo resulta que é vetar. E agora resulta que o epítome da obxectividade é que nun programa da Deputación participara pois evidentemente unha deputada autonómica do BNG. Non hai nada máis obxectivo que iso, por suposto. ¿Como se nos pode ocorrer cuestionar a elección? ¡Que cousas! eh, ¡que cousas!

Eu creo que, afortunadamente,...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor Pazos Couñago (P): ...—si, si— quedou atrás ese escurantismo, esa falta de transparencia dunha esquerda galega que, en cada ocasión que ten a oportunidade de dirixir unha institución, non dubida en poñer en práctica exactamente o contrario do que predica cando está na oposición, ¿verdade?

Falaban de transparencia aquí. Como aquela negativa a dar explicacións polo caso «cuñada», como a suspensión da emisión de streaming dun Pleno cando a xustiza lles obrigou a celebrar un pleno para explicar ese caso solicitado pola oposición; o silencio sobre a contratación dun concelleiro sen máis mérito que regalarlles ao Goberno municipal de Porriño.

E quen en fin, de verdade que hai que ter un certo cuajo para vir aquí dar leccións non se sabe moi ben que.

Nós animamos a continuar ao presidente por esa senda de bo facer, de colaboración institucional, de transparencia e doutra maneira de facer as cousas, alonxada da crispación. En todo caso, eu hai pouco escoitei aquí a un deputado que dicía que algúns entendiamos o Parlamento como o noso cortello, supoño que nun erro tradución —quería falar de cortijo, caserío en galego—, pero é certo que algúns de tanto manipular o cortijo acabárono convertendo nun cortello. Eu espero que a Deputación de Pontevedra co seu novo Goberno, non incorra neses erros históricos que tanto desprestixiaron a unha institución que debería representar a todos os pontevedreses pensaran o que pensaran, algo que agora si acontece e polo que teño que felicitar ao seu presidente.

Moitas grazas por acompañarnos hoxe, presidente.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas.

O señor Bará Torres (BNG): Presidenta, quería pedir a palabra...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Si, ¿para que quere a palabra?

O señor Bará Torres (BNG): Quería pedir para a palabra polo artigo 76, por inexactitudes do representante do Partido Popular; e tamén por declaracións que eu creo que van contra o decoro deste grupo.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Señor Bará...

O señor Bará Torres (BNG): E prefiro facelo antes de que despois, é dicir, pedilo agora, antes de que fale o presidente para...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Señor Bará, non houbo ningún tipo de alusións...

O señor Bará Torres (BNG): Señora presidenta, houbo...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo):...inexactitudes... Todos os grupos parlamentarios poden acusar de inexactitudes aos outros grupos...

O señor Bará Torres (BNG): Pero déixeme, déixeme, déixeme...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo):...porque é a palabra contra a palabra.

Así que imos...

O señor Bará Torres (BNG): Pero déixeme dicir cal é a inexactitude.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Non, non ten a palabra, señor Bará. Porque non houbo ningún tipo de alusión persoal...

O señor Bará Torres (BNG): Hai un artigo que di que se pode pedir a palabra no caso de que haxa inexactitudes.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Si, ese mesmo artigo di que a potestade para dar a palabra tena a Presidencia. Polo tanto...

O señor Bará Torres (BNG): Vale, ese é o sentido democrático que ten a presidenta desta comisión do Partido Popular.

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Polo tanto imos darlle...

O señor Bará Torres (BNG): Lamento profundamente que lle faltase ao respecto á miña compañeira...

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Imos darlle...

O señor Bará Torres (BNG):...Mercedes Queixas que estaba nesa programación por ser a biógrafa de María del Carmen Kruckenberg, a maior especialista... (*Murmurios.*)

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Por favor, imos darlle...

O señor Bará Torres (BNG):...desta grande escritora galega. Por iso estaba nesa programación e vostedes...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo):...a quenda de palabra. Ten a palabra o señor... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Bará, non ten a palabra. (*Murmurios.*)

Se segue falando, voulle chamar á orde.

O señor Bará Torres (BNG): Vostedes vetárona. Non, non...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Non ten a palabra. Non ten a palabra. Por favor...

O señor Bará Torres (BNG): Non se pode insultar...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Señor Bará... Por favor, señor Fidalgo, tampouco ten vostede a palabra.

O señor Bará Torres (BNG): Non se pode insultar...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Non ten a palabra. Señor Bará, voulle chamar á orde.

O señor Bará Torres (BNG): Bueno, chámeme o que queira, pero eu non podo permitir que faga...

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Chámolle á orde e, se lle chamo á orde.

O señor Bará Torres (BNG): Porque esa é a maneira de entender a política que teñen vostedes.

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Ten vostede unha chamada á orde, señor Bará.

O señor Bará Torres (BNG): Moita palabrita bonita, pero a realidade é esa.

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Señor Bará, ten unha chamada á orde.

O señor Bará Torres (BNG): Sectarismo, censura...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Señor López Diéguez, ten agora unha última quenda para aclaracións e unha quenda de réplica e para pechar esta comparecencia.

Moitas grazas.

O señor presidente da Deputación provincial de Pontevedra (López Diéguez): Moi ben, moitas grazas, presidenta.

O primeiro que vos quero é agradecer a todos estes comentarios, incluso tamén a parte crítica, e ver in situ os folgos que algúns reclaman para pedir a quenda de palabra sobre imprecisións ou demais.

A verdade é que eu hai case un ano subín aquí a esta tribuna porque se me deu unha oportunidade, no meu caso de dar conta das contas que si coñecen todos os deputados da provincia. É unha inexactitude que non teñen acceso a elas, porque está convocada loxicamente a Comisión informativa, é o caso no referente ás contas de fiscalizadas. Así que hoxe, case 365 días despois, volvo estar aquí co mesmo obxectivo que é a confrontación dentro da tolerancia e o respecto das diferentes ideas, achegas ou puntos de vista distintos, sobre un proxecto común da provincia, que é o que nos une e o que nos trae aquí.

Así que —xa digo— eu o que agradezo, en primeiro lugar, é o ton das aportacións que aquí se levan feitas, e é certo que non me podo comprometer a aplicalas, pero si de telas en conta.

Dito isto, é un pouco seguindo a resposta aos diferentes turnos de palabra que teño aquí, si houbo unha cousa, varias que me chamaron a atención, porque iniciaba o deputado Font un difícil papel o de hoxe, o de ter que defender a postura no Parlamento de Galicia en relación coa actitude da Deputación por esa incomparecencia; cando, efectivamente, falaban de que vimos a cegas, eu, sobre ese silencio que houbo, sobre esas incomparecencias, pois nada se dicía.

Falaba vostede de continuísmo, pero é que aquí falaban de desmantelamento. ¿En que quedamos? ¿En que quedamos? A ver, en que quedamos? E claro, eu, señoría, é que a min se do que se me acusa é de continuar exercendo o municipalismo en prol dos pequenos e medianos concellos, e se me acusa dunha aposta polo turismo, polo deporte, pola acción comunitaria, se se me acusa de estar ao carón de Vigo e de Pontevedra; se me acusa de continuísta. Pois si, afirmoo e confírmoo, somos continuístas.

Pero é que eu ao mellor o que para vostedes é máis do mesmo, para min é máis do mellor. E sobre o máis do mellor seguramente que para vir aquí eu dou por feito que contactaron cos alcaldes da provincia, de non ser así, pois tamén é certo que van a non ter todos os datos que deberían de ter, se contactaron ponse en perspectiva. Pero eu vanme permitir que aquí dea traslado dunhas declaracións públicas que fixeron alcaldes socialistas e nacionalistas, non fai moito tempo, despois de presentarlle o esforzo investidor de 91 millóns de euros dos que van dispoñer de entrada para o vindeiro ano 2025. E non vou dicir os nomes para non metelos nun lío, nun problema a eles e tamén a vostedes.

Tres, Partido Socialista dicía alguén —rexedor, rexedora—; cito textualmente: Que nos veña unha inxección de cartos é importantísimo. A valoración non pode ser outra que positiva.

Partido Socialista: Para os concellos sempre que hai investimento é positivo. Noraboa ao Goberno provincial.

Bloque Nacionalista Galego: Isto garantirá que se cumpran os compromisos. Saímos satisfeitos e contentos.

Non o invento está aí. Son declaracións públicas recollidas nos medios, manifestadas por alcaldes e alcaldesas do PSOE e do Bloque Nacionalista.

Ben, e o que me din en privado xa nin llelo digo. Así que o máis chamativo disto tamén é que mentres alcaldes doutros partidos loan o labor da Deputación, pois os deputados, por exemplo provinciais do PSOE non votan a favor do Plan Extra ou non votan a favor das bases do Plan + Provincia do ano pasado. Así que, claro, aquí automaticamente unha de dúas: ou hai un abismo entre os alcaldes socialistas e os dirixentes, ou, outra, os deputados socialistas evitan apoiar os intereses dos seus alcaldes socialistas.

E eu, claro, tamén falar de contas saneadas cando nos deixan un pufo de 25 millóns de euros, pois a verdade que esa argumentación cae por si soa polo seu propio peso.

E si son un defensor do municipalismo e eu poñan día e hora para manifestarnos que o Goberno cumpra co SAF. Que eu non teño ningunha dúbida, ¡eh! Se se chamara Servizo Catalán de Axuda no Fogar estaría resolta a cuestión, e os problemas dos concellos galegos non serían tales.

Execución de orzamento. Díxeno na comparecencia, é dicir, 6,2 millóns de euros que o Concello de Vigo ía perder, que os vigueses e viguesas non ían poder desfrutar deles en servizos e infraestruturas; pois fomos quen de rescatalos. E aquí houbo un traballo moi importante da deputada Luisa e tamén, do servizo interno da casa, da Deputación e, por suposto, tamén do Concello de Vigo.

E no que corresponde ao Bloque Nacionalista formulábame unha serie de preguntas e eu xa lle vou tamén facer outra inmediatamente, cun tema que ten que ver con Santa Clara. Iso que querían converter nun cemiterio dos restos arqueolóxicos e nós, como calquera que chega a unha Administración, o que fai é a revisión dun proxecto e adáptao ao sentido común. Pero eu aquí tamén lle teño que dicir, e espero que, no que se refire a Santa Clara, non haxa retrasos inxustificables na concesión de licenzas, polo simple feito de que agora é o Bloque o que non ten que tomar decisións sobre o Convento.

Desmantelar todos os programas. Demostramos que non somos revisionistas. O que funciona, mantémolo e, se pode ser, mellorámolo. O que non funciona, por loxicamente, cambiámolo e habilitamos novas iniciativas, novas propostas e novos proxectos. Pero como calquera dos que estamos aquí, que chegamos á fronte dunha Administración e quere, loxicamente, poñer a andar o seu proxecto.

Programa Agora, ¿que pasou? Pois mire eu porque non teño os datos todos na cabeza, loxicamente, dun orzamento tan importante como o da Deputación de Pontevedra, pero un obtén lecturas; e obtén lecturas cando se pon en marcha unha liña de axudas e a pesar de presionar aos concellos para que concorreran a elas, pois se benefician ou concorren a elas un número que se estima que non é o conveniente para seguir mantendo eses proxectos. E iso é o que explica moitas cousas, como tamén o Revitaliza, do que tanto se fala, logo collemos a nivel de provincia os datos de reciclaxe e din outra cousa. E o Plan + Provincia que se mantemos nome, que se mantemos a mesma filosofía. Non, quero dicir, no Plan + Provincia, a flexibilidade que hai agora isto é algo que non había. Flexibilidade, non hai cláusulas anti Xunta, non hai cláusulas anti outras administracións. Vostede chama á compañeira alcaldesa do Rosal, que ten que, polo feito de captar fondos doutra Administración, fondos europeos a través do Estado, tiña concedida unha subvención da Deputación de Pontevedra e, por incluír nas bases unha cláusula que lle penaliza por conseguir os fondos do Estado, o Concello do Rosal ten que devolverlle diñeiro á Deputación. É dicir, castíganos por facer unha xestión boa de captación de fondos. E non se diga que todo o que ten que ver esas cláusulas anti Xunta. Non daban posibilidade aos concellos de coller fondos da Xunta, porque automaticamente llos sacaban do que lle daban da Deputación. Iso todo desapareceu. Como tamén agora aos alcaldes se lle trasladou o día no que tamén foron informados do importante esforzo investidor de 91,2 millóns de euros, que nas bases do + Provincia van poder acollerse a un financiamento de máis dun ano. Se un concello ten proxectos estratéxicos e se do + Provincia lle corresponde, por exemplo, 500.000 euros un ano, van poder executar proxectos de 1.200.000 euros; porque van poder coller, acumular o do ano 2025, o do 2026 e o do 2027. Polo tanto, son —xa digo— son boas novas e que todos aplauden, uns de xeito interno, outros o exteriorizan.

E xa, por último, por temas que moi ao concreto...

A señora presidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Prégolle que, na medida das posibilidades, vaia rematando.

O señor presidente da Deputación provincial de Pontevedra (López Diéguez): Ben.

O de transferencia Depo-Xunta non hai moitos meses asinamos tamén un protocolo no que se refire aos edificios educativos de Príncipe Felipe para andar no camiño da transferencia.

E remato, e remato pois hai un ano entraba nesta casa cuns obxectivos que eran aumentar os investimentos, fomentar a colaboración e a comunicación cos rexedores da provincia cos 61; conceder autonomía e flexibilidade á hora de executar os proxectos e tender pontes, lonxe do sectarismo. E con estes segundos orzamentos desta nova etapa o que podemos é afirmar que estamos a cumprir con esta premisa e que estamos máis a carón ca nunca dos veciños e veciñas dos 61 concellos da provincia.

E despídome, hai case 365 días dixeran que ía volver estar ao ano seguinte, aquí estou; pois hoxe marcho dicindo que volverei estar o vindeiro ano e me gustaría que fose tamén cuns orzamentos como estes, extraordinarios para unha provincia extraordinaria.

Máis nada. Moitas grazas.

A señora vicepresidenta -en funcións- (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor López Diéguez.

Grazas ás súas señorías e aos servizos da Cámara.

Suspendemos esta sesión ata as 10 horas de mañá, día 31 de outubro, na que está prevista a comparecencia do presidente do Consello Consultivo de Galicia.

Máis nada. Moitas grazas.

(Suspéndese á sesión ás dezanove horas e quince minutos)